



ANUNCIO

En data 02/09/2021 Concelleiro responsable da área de economía e facenda ditou a seguinte resolución da que se transcribe o seu texto integro:

“RESOLUCIÓN MODIFICANDO A RESOLUCIÓN RELATIVA AO ESTABLECIMENTO DO SISTEMA DE SELECCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A ELABORACIÓN DA NOVA IMAXE CORPORATIVA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Mediante resolución de data 18 de xullo de 2021 aprobáronse as bases relativas a chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

Na súa base quinta atópase establecida a composición do xurado que deberá realizar a valoración das candidaturas invitadas a participar na segunda fase do concurso. Non obstante e dado que 2 membros do citado xurado xa non ocupan os postos que se detallan na devandita resolución procede realizar unha modificación da composición do xurado.

A competencia en materia de contratación corresponde a Xunta de Goberno local do Concello de Pontevedra que en data 15 de xuño de 2019 delegou no Concelleiro de goberno responsable da área de economía e facenda, Raimundo González Carballo, os contratos menores en todas as súas fases, polo que a vista do exposto, RESOLVO:

Primero.- Modificar a base 5ª das bases relativas a chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra, a cal quedará co seguinte contido:

“5.- Xurado

O xurado estará composto por:

Anabel Gulías Torreiro, Concelleira de réxime interior, contratación e promoción da cidade

María Ángeles Pereira Costas, técnica de relacións públicas e protocolo

Carlos Pereiro Fernandez, técnico de relacións cos medios

Ángel Francisco Velando Rodríguez, xefe de Servizo da oficina técnica de arquitectura e planeamento

María del Mar Lamoso Varela, xefa de modernización e desenvolvemento administrativo do servizo do ORAL

Dúas persoas designadas para o efecto pola Asociación Galega de Deseño

O xurado adoptará as súas decisións con total autonomía e independencia sobre a base dos proxectos que lle serán presentados de forma anónima e atendendo unicamente aos criterios sinalados no apartado seguinte e fará constar nun informe, asinado polos seus membros, a clasificación dos proxectos tendo en conta os méritos de cada un, xunto coas observacións e calquera outros aspectos que requiran aclaración do que se dará traslado ao órgano de contratación. Poderá ademais contar con asesoramento especializado na materia se o estima conveniente. O anonimato deberá respectarse ata que o xurado emita o seu ditame.”

Segundo.- Publicar anuncio da presente resolución no taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do Concello de Pontevedra.



Así o dispuxo e ordenou co Concelleiro de goberno responsable da área de economía e facenda por delegación da Xunta de Goberno Local en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos

Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

